

## **EXTRACTO DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO II CONCURSO DE EMPANADAS. XXXI FESTA DO PAN DE NEDA 2019**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacionais de Subvencións.

### **Primeira. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O Concello de Neda convoca o II concurso de EMPANADAS, XXXI Festa do Pan de Neda co obxectivo de recuperar o tradicional concurso de empanadas que tiña lugar durante a celebración da Festa no recinto feiral de Albarón

### **Segunda. PARTICIPANTES**

Categoría PROFESIONAL poderán participar as e os panadeiros/as que teñan a súa panadería ou forno en Neda.

Categoría NON PROFESIONAL poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade que o desexen.

### **Terceira. INSCRICIÓN**

Realizaráse na Casa da Cultura do 26 ao 30 de agosto de 2019.

### **Cuarta. PREMIOS**

Categoría **PROFESIONAL.**

1º Premio 100 € + trofeo

2º Premio 50 € + trofeo

Categoría **NON PROFESIONAL.**

1º Premio 100 € + trofeo

2º Premio 50 € + trofeo

### **Quinta. DATA, E PRESENTACIÓN**

Domingo 1 de setembro de 2019, no Paseo Marítimo de Xubia durante a celebración da XXXI Festa do Pan.

As empanadas deberán entregarse entre as 11:00 e ás 12.00 h nunha haima habilitada para a recepción das mesmas.

A cata do xurado que será ás 12.00 h e o veredicto darase a coñecer tras o pregón.

**Sexta.**

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Asemesmo autorízase á organización a realizar e publicar cántas fotografías considérense oportunas, así como os nomes das persoas gañadoras.

A convocatoria e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse na páxina web do concello. Así mesmo as bases poderán recollerse na Casa da Cultura.

CONCELLO DE NEDA 12 de agosto de 2019

O ALCALDE DE NEDA

ÁNGEL ALVARIÑO SAAVEDRA